



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Ciencias Sociais na Educación Secundaria I

Materia	Ciencias Sociais na Educación Secundaria I			
Código	O02M066V04217			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Prada Rodríguez, Julio			
Profesorado	Prada Rodríguez, Julio			
Correo-e	jprada@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia de Ciencias Sociais na Educación Secundaria I ten por obxecto introducir ao alumnado no proceso de construción científica e metodolóxica das Ciencias Sociais, a Xeografía e a Historia e ao seu tratamento e evolución no sistema educativo español, con especial referencia á súa situación no actual currículo de Educación Secundaria e Bacharelato.			

## Competencias

Código	
CG1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
CG2	Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos.
CG3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
CG4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
CG6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
CG8	Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.
CE3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
CE4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
CE5	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
CE6	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
CE7	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.

CE8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
CE9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
CE10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
CE11	Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
CE13	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas.
CE14	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
CT1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
CT2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
CT3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer os contidos curriculares das materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia na Educación Secundaria.	CG1 CE6 CE14 CT1
Coñecer o corpus didáctico esencial relativo aos procedementos de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais, a Xeografía e a Historia.	CG2 CE10 CE11 CT1
Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais, a Xeografía e a Historia potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias das ensinanzas de Ciencias Sociais, de acordo co nivel e formación previa dos estudantes e a orientación dos mesmos, tanto de xeito individual como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.	CG3 CE3 CE4 CE5 CE7 CE8 CE9 CT2
Buscar, obter, procesar e comunicar toda clase de información, transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino-aprendizaxe nas materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.	CG4 CE7 CE13 CT1 CT3
Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas no ámbito das Ciencias Sociais, a Xeografía e a Historia, tanto de grupo como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.	CG6 CE3 CE4 CE9 CE10 CT2
Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por si mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.	CG8 CE3 CE8 CT3

## Contidos

Tema	
1. A Xeografía e a Historia.	1.1. Áreas de coñecemento/construción académica. 1.2. A Xeografía e a Historia na etapa da globalización 1.3. Xeografía e a Historia: compartimentación e interdisciplinariade.
2. A Xeografía e a Historia: método científico e enfoques.	2.1. A idea de Ciencia e a súa Historia. 2.2. Aproximación metodolóxica á Xeografía e Historia.
3. A utilidade social e educativa da Xeografía e a Historia.	3.1. Usos sociais e educativos do coñecemento. 3.2. A formación da cidadanía no século XXI: o saber da Xeografía e a Historia. 3.3. A evolución da Xeografía e a Historia no sistema educativo español.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	3	3	6
Traballo tutelado	2	20	22

Presentación	4	16	20
Resolución de problemas de forma autónoma	4	20	24
Seminario	2	1	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación dos contidos da materia polo profesor.
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados á resolución de cuestións, elaboración de informes ou pequenas investigacións, etc.
Presentación	Exposición por parte do alumnado de cuestións relativas aos contidos da materia ou dos resultados dun traballo, proxecto, etc., ben sexa de forma individual ou en grupo.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistrais.
Seminario	Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre a preparación de contidos, o desenvolvemento das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos tutelados.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada consistirá na orientación e resolución de dúbidas relacionadas co desenvolvemento dos contidos teórico-prácticos e dos procedementos de avaliación da materia, tanto de forma presencial como a través da plataforma de teledocencia.
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na orientación e resolución de dúbidas relacionadas co desenvolvemento dos traballos tutelados, tanto de forma presencial como a través da plataforma de teledocencia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Presentación e entrega, na data sinalada dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a presentación formal do mesmo. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais, a Xeografía e a Historia potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias das ensinanzas de Ciencias Sociais, de acordo co nivel e formación previa dos estudantes e a orientación dos mesmos, tanto de xeito individual como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. CG3. CE3. CE4. CE5. CE7. CE8. CE9. CT2. Buscar, obter, procesar e comunicar toda clase de información, transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino-aprendizaxe nas materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia. CG4. CE7. CE13. CT1. CT3. Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas no ámbito das Ciencias Sociais, a Xeografía e a Historia, tanto de grupo como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes. CG6. CE3. CE4. CE9. CE10. CT2.	50	CG3 CE3 CT1 CG4 CE4 CT2 CG6 CE5 CT3 CE7 CE8 CE9 CE10 CE13
Presentación	Valorarase o xeito de presentar os materiais traballados e a capacidade para fomentar o debate, a discusión e a participación. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Buscar, obter, procesar e comunicar toda clase de información, transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino-aprendizaxe nas materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia. CG4.	10	CG4

Resolución de problemas de forma autónoma	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos sinalados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecer os contidos curriculares das materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia na Educación Secundaria. CG1. CE6. CE14. CT1. Coñecer o corpus didáctico esencial relativo aos procedementos de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais, a Xeografía e a Historia. CG2. CE10. CE11. CT1. Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por si mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais. CG8. CE3. CE8. CT3.	40	CG1 CG2 CG8	CE3 CE6 CE8 CE10 CE11 CE14	CT1 CT3
---	---	----	-------------------	---	------------

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá recuperar as competencias non adquiridas na primeira convocatoria mantendo a nota das probas/actividades xa superadas. Os/as estudantes que non poidan asistir a clase contarán con actividades e probas alternativas. No caso de non superar as competencias asignadas, deberán presentarse ás probas fixadas na data prevista pola coordinación do Mestrado. O profesor pode establecer un sistema integral para o traballo en aula, traballos tutelados e presentacións/exposicións, e en base a este sistema realizar a avaliación.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

#### Bibliografía Complementaria

Alt, J, Levi, M. y E. Ostrom, **Competition and Cooperation: Conversation with Nobelists about Economics and Political Science**, Russel Sage Foundations, 1999

Alted Vigil, A. y Sánchez Belén, J. A, **Métodos y técnicas de investigación en Historia Moderna e Historia Contemporánea**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2005

Aróstegui, J, **La investigación histórica: teoría y método**, Crítica, 1995

Aróstegui, J, **La historia vivida. Sobre la historia del presente**, Alianza, 2004

Benejam, P. y J. Pagés (coord), **Ciencias sociales : contenidos, actividades y recursos**, Praxis, 1997

Cardoso, C. F. S., **Introducción al trabajo de la investigación histórica. Conocimiento, método e historia**, Crítica, 1981

Cardoso, C. F. S. e Pérez Brignoli, H., **Los métodos de la historia. Introducción a los problemas, métodos y técnicas de la historia demográfica, económica y social**, Crítica, 1977

Colomer, J. M, **Ciencia de la Política: Una Introducción**, Ariel, 2010

Della Porta, D. y M. Keating (eds), **Enfoques y metodología en las ciencias sociales: una perspectiva pluralista**, Akal, 2013

Díaz Barrado, M.P. (coord.), **Historia del tiempo presente. Teoría y metodología**, Universidad de Extremadura, 1998

Lago Peñas, I., **La lógica de la explicación en las ciencias sociales: una introducción metodológica**, Alianza, 2008

Rosentone, R.A, **El pasado en imágenes. El desafío del cine a nuestra idea de la historia**, Ariel, 1997

Vilches, L., **La lectura de la imagen: Prensa, cine y televisión**, Paidós, 1997

VV.AA., **Las ciencias sociales en Internet**, Junta de Extremadura, 2001

### Recomendacións

### Plan de Continxencias

#### Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modifica ningunha metodoloxía docente.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

\* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

\* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic.

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

---